



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

NOTA INFORMATIVA

Orde do 22 de xuño de 2023, da Consellería de política social e Xuventude, pola que se establecen as bases para a concesión de axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e periodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia (DOG nº 126 do 4/7/2023)

OBXECTO

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polos que se rexerá a concesión de axudas ás familias con nenos e nenas residentes en Galicia de ata doce anos de idade para a atención de necesidades de conciliación de carácter puntual ou durante os periodos de vacacións escolares, que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 8 de setembro do 2023.

PERSOAS BENEFICIARIAS

-Pais/nais e persoas titoras de nenos e nenas de ata doce anos, estes incluídos, ou persoas que os/as teñan en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos.

-Que ambos pais/nais, titoras, acolledoras estean afectivamente traballando tanto no suposto de solicitudes por enfermidade ou accidente do menor como por necesidades en períodos de vacacións escolares.

ACCIÓN SUBVENCIONABLES

- 1) Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar de forma temporal para o coidado do menor
- 2) Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio
- 3) Asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de política social e xuventude, atención en ludoteca, espazos infantís ou servizos complementarios de atención á infancia

CONTÍA DA AXUDA

A) 500 € por unidade familiar no caso de contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio

B) 200 € para cada neno ou nena no caso de asistencia a servizos de conciliación autorizados

LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario autorizado na sede electrónica da Xunta de Galicia. O prazo de presentación rematará o 15 de setembro do 2023

Máis información no Departamento de Servizos Sociais ou no teléfono 981513106

Boqueixón, a 11 de xullo de 2023

O alcalde-presidente

Quidio Rodeiro Tato